



## NOTA DE PRENSA

# O venres 2 de maio comeza a VI edición dos Castroconcertos.

- **Con 34 concertos gratuítos ao ar libre os venres e sábados á noite, dos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro.**
- **68 grupos de diferentes estilos musicais, fundamentalmente de xente moza, subiranse ao escenario dos Castroconcertos.**

**Vigo, luns 28 de abril de 2008.-** Unha das **principais liñas de actuación** do programa de lecer xuvenil alternativo "Súbete ó Castro" da Concellaría de Xuventude é a relacionada coa **música**, cunha ampla oferta de  cursos gratuítos de formación musical  ademais de ser sé dun dos  locais de ensaio  municipais.

Como culminación desa liña de **promoción da enerxía creativa da xente moza de Vigo**, o programa "Súbete ó Castro" lanza a iniciativa dos Castroconcertos, que no presente ano 2008 celebrarán a súa sexta edición.

Os Castroconcertos pretenden servir **de plataforma de lanzamento da creación musical da mocidade viguesa** ofrecendo a oportunidade de actuar en vivo aos grupos afeccionados.

Nos Castroconcertos teñen cabida **todos os estilos musicais**, dende o hip-hop até o death metal pasando pola música experimental ou o jazz.

Nas últimas cinco edicións (2003-2007) realizáronse unha **media de 16 concertos** por edición, cunha **asistencia total global de 5719 persoas**. Na presente edición 2008 están previstos **34 concertos**, que farán que arredor de **68 grupos** se suban ao escenario.

Os concertos desenvolveranse durante os meses de **maio, xuño, xullo, agosto e setembro**, nas noites dos venres e sábados, **a partir das 23:00h** no escenario situado fronte á pista de bicicletas do Parque de O Castro.

O primeiro concerto terá lugar o vindeiro **venres 2 de maio** coas actuacións de TRACK ASEDIO (rap), Duke Sam, Dikeity, Dr. Valda, Dj B-Neil, Dj Fabio, e Antuán.

A axenda de todos os concertos do mes de maio xa está colgada na **web oficial dos Castroconcertos** en [www.castroconcertos.org](http://www.castroconcertos.org), onde haberá información permanentemente actualizada.

---

### Programa de lecer xuvenil alternativo "Súbete ó Castro"

Ao carón da Pista de Bicicletas do Parque de O Castro.  
Tlf: 986 485 541 | [cibercastro@xuventudevigo.org](mailto:cibercastro@xuventudevigo.org)  
**Horario:** luns a xoves de 17 a 21h, venres de 17 a 23h  
e os sábados de 12 a 14h e de 17 a 23h